Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

CONCELLO DE PADRÓN
Aprobado por X.G.L.
02-06-2016
A/O secretario/a
Asdo.: Ana M. Arés Álvarez

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE INTEGRACIÓN NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE PADRÓN DAS E DOS VIXIANTES, AUXILIARES OU INTERINOS QUE PRESTEN SERVIZOS NESTE CORPO, EN EXECUCIÓN DO PREVISTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA DA LEI 4/2007, DO 20 DE ABRIL, DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

1. OBXECTO.

1.1. É obxecto das presentes bases a regulación do procedemento extraordinario de integración no corpo da policía local do Concello de Padrón das ou dos vixiantes, auxiliares ou interinos que presten servizos neste corpo á entrada en vigor da Lei de 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia (LCPL), en execución do diposto na disposición adicional segunda desta lei e disposición transitoria terceira do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a lei de coordinación de policías locais de Galicia.

1.2. O procedemento de integración realizarase polo sistema de concurso-oposición conforme ao establecido nas disposicións mencionadas no apartado anterior e co contido sinalado na Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

1.3. O procedemento regulado nestas bases rexerase, ademais das normas previstas nos apartados anteriores, pola normativa básica estatal constituída polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP), a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local (LBRL), o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réximen local (TRRL) e o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos ós que debe axustarse o procedimento de selección dos funcionarios de Administración Local, a normativa autonómica de aplicación constituída pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Decreto 95/1991, do 20 de marzo, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ao servizo da comunidade autónoma de Galicia e Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), e, supletoriamente, polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante e de aplicación.

2. NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS NA QUE QUEDARÁN INTEGRADOS AS PERSOAS ASPIRANTES QUE SUPEREN O PROCEDEMENTO.

As ou os vixiantes, auxiliares ou interinos participantes no procedemento e que superen este quedarán integrados nas seguintes prazas:

a) Numéro de prazas: unha (1).

b) Escala: administración especial.

c) Subescala: servizos especiais.

d) Grupo: C1.

e) Clase: policía local.

   i. Escala: básica.

   ii. Categoría: policía.



3. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

3.1. Para ser admitida ou admitido no procedemento de integración que se regula nestas bases, as ou os aspirantes deberán reunir, na data en que remate o prazo de presentación de instancias segundo a convocatoria do proceso, os seguintes requisitos:

a) Posuir a nacionalidade española.

b) Superar os dezaoito anos de idade.

c) Estar en posesión do título de bacharelato, técnico superior de formación profesional ou equivalente. No caso de carecer desta titulación, deberá ter superado algún dos cursos específicos, impartidos pola Academia Galega de Seguridade Pública, de dispensa deste grao de titulación, segundo no disposto na disposición adicional segunda da LCPL, na disposición transitoria terceira do Decreto 243/2008, do 16 de outubro e o Anexo VI da Orde 28 de xaneiro de 2009.

d) Ser titular dos permisos de conducir das clases A, B e BTP.

e) Ter unha antigüidade mínima de servizo como auxiliar, vixilante ou interino do Concello de Padrón de tres anos continuados e estar prestando servizos neses postos á entrada en vigor da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

f) Non estar afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

g) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

h) Reunir as condicións físicas e sanitarias para a realización das probas físicas recollidas nas presentes bases.

i) Comprometerse a portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas.

3.2. As persoas participantes neste concurso-oposición, que reúnan os requisitos enumerados anteriormente, quedarán dispensados do requisito de idade máxima e estatura esixidos no artigo 33 da LCPL e no artigo 21 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de acordo ao previsto na disposición adicional segunda desta mesma lei.

4. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN

4.1. As instancias solicitando participar no proceso, dirixiranse ao señor Alcalde do Concello de Padrón e presentaranse, debidamente cubertas, no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello de Padrón, situado na pranta baixa do número 27 da rúa Longa, 15900 Padrón, A Coruña, por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXPAC), no prazo máximo de vinte (20) días naturais contados desde o de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

4.2. As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura como Anexo I das presentes bases e estará a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Padrón e na páxina web deste (www.concellodepadron.es) e incluirá a manifestación de que se reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nas presentes bases e o compromiso, no suposto de superar o proceso, de prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 707/1979, de 5 de abril.

CONCELLO DE PADRÓN
Aprobado por XGC
02-09-2016
A/O secretaria/o
Asdo.: Ana Mª Ares Álvarez

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

4.3. Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada, na orde que se indica:

a) Documento nacional de identidade ou pasaporte.

b) Título de bacharelato, técnico superior de formación profesional ou equivalente, ou ben, diploma ou certificación acreditativa de ter superado algún dos cursos específicos, impartidos pola Academia Galega de Seguridade Pública, de dispensa deste grao de titulación.

c) Permisos de conducir das clases A, B e BTP.

d) Certificación acreditativa de ter unha antigüidade mínima de tres anos continuados de servizo como auxiliar, vixilante ou interino do Concello de Padrón e estar prestando servizos neses postos á entrada en vigor da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

e) Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para o acceso á escala de administración xeral de persoal funcionario, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo III.

f) Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de comprometerse a portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo IV.

g) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que se especifican nestas bases. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior aos tres meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias.

h) Relación numerada, segundo a orde que se establece na base 8, dos méritos que as ou os aspirantes aleguen na fase de concurso, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mesma base.

4.4. Toda a documentación presentada deberá estar redactada en galego ou castelán ou ben en calquera outro idioma coa correspondente traducción oficial selada e asinada por traductor/a-intérprete xurado/a.


4.5. A documentación relacionada nos apartados anteriores, unha vez rematado o proceso e adquirida firmeza na vía administrativa e xurisdiccional a resolución que lle poña fin, poderá ser devolta ás persoas aspirantes non seleccionadas previa solicitude ao respecto.

5. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, o Alcalde, no prazo máximo dun mes, ditará resolución aprobando a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas, con especificación de apelidos e nome e, de ser o caso, dos motivos de exclusión.

Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia da Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo.

5.2. As ou os aspirantes omitidos ou excluídos disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día da publicación da devandita resolución no Boletín Oficial de Provincia da Coruña, para enmendar os erros ou os defectos que motivaron a súa omisión ou exclusión.



5.3. Transcorrido o prazo de subsanación, o órgano convocante ditará nova resolución aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo e fixando o lugar, data e hora de realización da primeira proba da fase de oposición, a orde de actuación das e dos aspirantes e a composición do Tribunal de Selección.

Esta resolución publicarase igualmente no Boletín Oficial de Provincia da Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello de Padrón e na páxina web.

5.4. De non existir persoas aspirantes excluídas, o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisoria na mesma resolución de aprobación, incluíndo tamén os datos sinalados no apartado anterior.

5.5. A publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das restantes probas, así como, a lista das persoas aprobadas en cada exercicio e de chamamentos ás aspirantes, de ser o caso, efectuarase nos locais onde se celebren as probas.

6. NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1. O tribunal encargado da calificación das probas e da supervisión do proceso será nomeado polo Alcalde conforme ao estipulado nos artigos 60 do TREBEP, 59.2. do LEPG, 34 da LCPL, 6º do Decreto 243/2008 e demais lexislación de aplicación, e a súa composición farase pública consonte co establecido na base anterior. Estará composto polas e polos seguintes membros e os seus correspondentes suplentes:

a) Presidente: Un/ha funcionario/a con coñecementos técnicos na materia (titular e suplente).

b) Secretario: un/ha funcionario/a do Concello de Padrón con habilitación de carácter nacional, que actuará con voz pero sen voto (titular e suplente).

c) Vogais:

- Un, a proposta da Academia Galega de Seguridade Pública (titular e suplente).
- Outro a proposta dos Delegados de Persoal do Concello de Padrón (titular e suplente).
- O terceiro, nomeado polo Alcalde con coñecementos técnicos na materia (titular e suplente).

6.2. No nomeamento das e dos membros do Tribunal deberanse respetar as seguintes regras:

a) Todas e todos os membros do Tribunal deberán posuir a titulación esixida para participar no proceso de integración obxecto das presentes bases.

b) As ou membros do Tribunal que sexan persoal funcionario do mesmo corpo e escala que as prazas convocadas non poderán exceder de 2.

c) A súa composición será paritaria entre mulleres e homes, na forma establecida no artigo 36º da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

6.3. O tribunal poderá disponer a incorporación, os seus traballos, de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento destas/os asesores especialistas corresponderalle ao Alcalde a proposta do Tribunal.

7. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

7.1. As e os membros do Tribunal, así como as persoas asesoras especialistas designadas, terán que absterse de intervir cando concorra algunha das causas previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases.

CONCELLO DE PADRÓN
02-06-2016
A/O secretario/a,
Asdo.: Ana Mª Ares Alvarez

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

A ou o presidente poderá solicitar das e dos membros do tribunal e das persoas asesoras especialistas declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no devandito artigo 28 ou calquera outra das previstas nesta base.

As persoas aspirantes poderán recusar ás e aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base conforme ao artigo 29 da mesma Lei citada no parágrafo anterior.

7.2. Por resolución do señor Alcalde nomearanse ás ou aos novos membros do Tribunal que sustituirán ás persoas que perdesen tal condición por algunha das causas mencionadas anteriormente. Esta resolución farase pública no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web.

7.3. A realización da sesión de constitución terá lugar no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde a publicación da composición do Tribunal. Tal constitución entenderase válida coa presenza da metade, polo menos, dos seus membros e a presenza en todo caso do/a presidente e do/a secretario/a.

Igualmente, nas seguintes sesións, o tribunal non poderá actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade das e dos seus membros e, en todo caso, sen asistencia da ou do presidente e secretario.

7.4. Por cada sesión do tribunal levantarase acta, que lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, autorizarase coa sinatura da/o secretaria/o e o visto e prace da/o presidente.

7.5. En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar, que teñan superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes ao de postos convocados. Calquera proposta de aprobadas/os que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

7.6. As e os membros do tribunal, así como, aqueles asesores especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7.7. O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde da oposición naqueles aspectos previstos ou non nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto nas presentes bases a normativa recollida na base 1.

8. FASE DE CONCURSO.

8.1. A fase de concurso, que non terá carácter elimitorio, será a primeira obxecto de valoración. En todo caso a puntuación obtida nesta fase non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

8.2. Constituído o Tribunal, este reunirase en sesión non pública para os efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web, con anterioridade á realización do primeiro exercicio da fase de oposición e ata a resolución final do proceso selectivo.

8.3. Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

8.4. Os méritos que se acrediten serán valorados segundo a táboa que segue, ata un total de 20 puntos, que corresponderán á suma dos máximos de cada epígrafe.

Descrición dos méritos para a fase de concurso.

Epígrafe	Descrición	Valoración parcial (en puntos)	Valoración máxima por epígrafe

CONCELLO DE PADRÓN
Aprobado por X6C
o 02-06-2016
O/A secretario/a,
Asdo.: Ana Mª Ares Álvarez

A) Titulacións académicas	Doutor, licenciado ou equivalente	2	2,00
	Diplomado universitario ou equivalente	1,5	
	Bacharel ou equivalente	1	
	Graduado escolar ou equivalente	0,5	
B) Cursos de formación de 20 ou máis horas	Máis de 10 cursos	4	4,00
	Entre 7 e 10 cursos	3	
	Entre 4 e 7 cursos	2	
	De 1 a 4 cursos	1	
c) Antigüidade no posto (anos de servizo)	Máis de 6 anos	14	14,00
	Entre 5 e 6 anos	12	
	Entre 4 e 5 anos	10	
	Ata 4 anos	8	
		Puntuación máxima total	20,00 puntos

8.5. Requisitos e forma de acreditar os méritos alegados:

A) Titulacións académicas. Orixinal ou copia compulsada do título correspondente ou certificación acreditativa, se é o caso.

B) Cursos de formación de 20 ou máis horas. Deberán estar relacionadas coas tarefas da praza convocada e impartidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, organismos da administración e institucións públicas ou dedidamente homologados por estos. Acreditaranse mediante orixinal ou copia compulsada do diploma no que debe constar, como mínimo, a duración do curso e o título do mesmo e a correspondente homologación de ser o caso, ou ben da certificación expedida polo organismo ou entidade que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

C) Antigüidade no posto (anos de servizo). Non se computarán outros servizos que os prestados no Concello de Padrón como auxiliar, vixilante ou interino do corpo da policía local. Tampouco se computarán os prestados por tempo inferior a tres anos e os períodos que excedan dos anos alegados pero que non supoñan o incremento doutro, desprezaranse. Acreditarase mediante orixinal ou copia compulsada da certificación expedida polo Concello de Padrón na que se fará constar a duración dos servizos, escala, subescala, grupo, corpo e categoría, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo IV.

9. FASE DE OPOSICIÓN.

Esta fase constará das seguintes probas, cada unha das cales terá carácter elimitario, e serán desenvoltas pola orde na que se citan:

1. Probas físicas.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas 1.1, 1.4 e 1.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas 1.2 e 1.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo e grupos de idade: de 18 a 36 anos, de 37 a 48, e de 49 ou máis anos. O/a aspirante estará incluído no grupo de idade correspondente, tendo en conta a súa idade o día da realización das probas. As probas realizaranse de forma individual, excepto as de resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal. Nas probas de resistencia xeral e natación disponse dunha soa posibilidade de execución; no resto permitirase unha segunda

CONCELLO DE PADRÓN
Rexistro de Saída
Nº 2706-2016
O/A Secretario/a,
Asdo.: Ana Mª Ares Alvarez

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

realización cando na primeira non se obteña a cualificación de «apto».

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba que se vai executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

A/o aspirante colocarase na pista no lugar sinalado, e poderá realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) exixidas para a superación da proba por tramos de idade son:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	7,40´´	9,5´´	10,00´´
Mulleres	8,20´´	10,5´´	11,00´´

1.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

1.2.1.Flexións de brazos.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans núas, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas. Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo de flexións exixibles son:

18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
10	6	4

1.2.2.Suspensión en barra.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.


O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, agarrada/o coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela.

Os tempos mínimos (en segundos) exixidos para a superación da probas por tramos de idade son:

18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
52´´	42´´	35´´

1.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.



A/o aspirante colocarase de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pes separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pes ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas (en centímetros) exixidas para a superación da proba por tramos de idade son:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	210 cm	195 cm	185 cm
Mulleres	185 cm	170 cm	160 cm

1.4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

A/o aspirante colocarase na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.

Será eliminado a/o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos) exixidas para a superación da proba por tramos de idade son:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	3,30´	3,50´	4,30´
Mulleres	4,10´	4,30´	5,00´

1.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

A/o aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, as/os aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación das probas por tramos de idade son:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	24´´	36´´	40´´
Mulleres	28´´	42´´	46´´

2. Proba de avaliación de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos das persoas aspirantes deberá amosar a preparación intelectual delas e o dominio dos contidos do temario que se inclúe como Anexo V a estas bases.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo Tribunal. Incluiranse ademais tres preguntas de reserva para o suposto de que o Tribunal, de oficio ou con base nalgunha reclamación, anulase algunha ou algunhas das preguntas incluídas no exercicio, o que se fara público no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web deste.

As aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos e será preciso acadar cinco puntos como mínimo,

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Padrón

CONCELLO DE PADRÓN
Rexistro Xeral
02-06-2016
A/O Secretario/a
Asdo.: Ana Mª Ares Alvarez

para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:

N=(A-F/3)/10.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respondidas.

Cada persoa opositora poderá obter copia do exercicio realizado ao seu remate.

No prazo das vinte e catro horas seguintes ao da realización, farase público no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web o modelo do test, indicando as respostas correctas.

3. Probas psicotécnicas.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das/os aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

3.1. Test de intelixencia e de avaliación doutras aptitudes.

Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación será de apto/non apto.

3.1.1. Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

3.1.2. Proba de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social das/os aspirantes.

Así mesmo, deberá descartarse a existenciade síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos. Deste modo, aparte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse ademais os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

4. Proba de recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercizo das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/non apto.



Aos efectos da exclusión da/o aspirante, terase enconta o seguinte:

A) Obesidade-delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

B) Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial, que a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantiranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

5. Proba de coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoos á proba ou probas que consideren máis adecuada/s.

Esta proba será eliminatoria e cualificarase de cero a tres puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de un con cinco puntos como mínimo para superala.

10. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DA FASE DE OPOSICIÓN.

10.1. Desde a terminación dunha proba e o comenzo da seguinte deberá transcurrir un plazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles.

10.2. As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das/os aspirantes, membros do tribunal e as/os colaboradores e especialistas designados.

10.3. As/os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e nos que non poidan celebrarse conxuntamente a orde de actuación das/os aspirantes iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido emprece pola letra "O", seguindo o resultado do sorteo feito público por Resolución do 3 de febreiro de 2016 publicado no Diario Oficial de Galicia, número 29, do 12 de febreiro de 2016. No suposto de que non exista aspirante ningún co primeiro apelido que comece pola letra "O" pasarase á letra "P" e así sucesivamente.

10.4. As persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas do respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impedise acudir e será excluída do proceso a persoa que non compareza.

Non obstante o anterior, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicos polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación realizarase como mínimo 48 horas logo do anuncio da data do exame e comportará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns

CONCELLO DE PADRÓN
Rexistrado por XEC
02-06-2016
A/O secretaria/o
Asdo. Ana Mª Arés Alvarez

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

En calquera caso, daráselle por superado o proceso selectivo a aquelas aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puidera ser acadada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

10.5. O Tribunal poderá requerir aos aspirantes, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do documento nacional de identidade, permiso de conducción ou pasaporte.

11. PUNTUACIÓN FINAL DAS ASPIRANTES.

11.1. Rematada a fase de oposición, a cada aspirante que a superase outorgaráselle a puntuación total acadada nesta fase, que será a suma das cualificacións obtidas na proba de coñecementos (referida ao temario) e na de coñecemento da lingua galega, que como máximo será de 13 puntos totais.

11.2. Tendo en conta que, por tratarse dun concurso-oposición, a nota final do procedemento selectivo se deberá obter ponderando a puntuación obtida en cada unha das partes, correspondéndolle un 40% da dita nota á fase de concurso e un 60% á de oposición, a determinación desa nota final será a suma das notas parciais ponderadas do seguinte xeito:

- Fase de concurso: á puntuación máxima (20 puntos) corresponderalle a nota ponderada máxima, que é de 4 puntos. Para a determinación da nota ponderada de cada aspirante aplicarase a regra de tres simple, cun máximo de 3 decimais sen redondeo.

- Fase de oposición: á puntuación máxima (13 puntos), corresponderalle a nota ponderada máxima, que é de 6 puntos. Para a determinación da nota ponderada de cada aspirante aplicarase a regra de tres simple, cun máximo de 3 decimais sen redondeo.

11.3. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na proba de avaliación de coñecementos e, se isto non fose suficiente, pola mellor marca obtida na primeira proba física, e se isto non fose posible, nas sucesivas probas físicas pola orde de realización segundo as presentes bases e por último, a puntuación obtida na fase de concurso, ata que o empate se resolva. De persistir o empate este se resolverá por sorteo.

11.4. Unha vez calculada a puntuación final de cada aspirante, elaborarase unha listaxe destes baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados aqueles que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas.

Asemade o tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva na que figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda tendo superado o proceso selectivo, non resulten aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas, para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que a aspirante aprobada non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente, ao abeiro do disposto no artigo 61.8º da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. O órgano convocante, deberá substituíla/o pola/o seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

12. PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS E NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS.

O tribunal fará pública a relación de persoas aprobadas no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web e propondrá o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas ao órgano convocante.

CONCELLO DE PADRÓN
XEC
02-06-2016
A/O secretaria/o
Asdo.: Ana Mª Ares Álvarez

Como funcionarias/os en prácticas, as persoas aprobadas terán os dereitos e deberes que legalmente lles correspondan segundo a súa situación e categoría.

13. CURSO SELECTIVO E OBRIGA DA SÚA SUPERACIÓN.

A superación do curso selectivo resulta obrigatoria para acceder á condición de persoal funcionario de carreira. Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, agás por causas excepcionais, considerarase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Academia, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso selectivo.

14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

Concluído o curso selectivo, as persoas aspirantes que o tiveran superado, serán nomeadas funcionarias de carreira polo señor Alcalde, o que se fará público no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

As nomeadas deberán tomar posesión no prazo máximo dun mes desde a publicación daquel anuncio no Boletín Oficial do Estado.

15. NORMA FINAL.

Estas bases, a convocatoria do procedemento que regulan e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así coma as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos pola Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei da xurisdicción contencioso-administrativa.

Padrón, 3 de xuño de 2016

O Alcalde,

Asdo. Ana María Ares Álvarez

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

CONCELLO DE PADRÓN
Presentado por X&L
02-06-2016
O/A Secretaria/o
Asdo. Ana Mª Aires Alvarez

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE INTEGRACIÓN NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE PADRÓN DAS OU DOS VIXIANTES, AUXILIARES OU INTERINOS QUE PRESTEN SERVIZOS NESTE CORPO, EN EXECUCIÓN DO PREVISTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA DA LEI 4/2007, DO 20 DE ABRIL, DE COORDINACIÓN DE POLICIAS LOCAIS DE GALICIA.

APELIDOS E NOME:					
DNI/PASAPORTE:					
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:					
Rúa, avenida, praza ou lugar		Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal	Municipio	Provincia	Correo electrónico	Teléfono	

Tendo coñecemento da convocatoria publicada no Boletín Oficial do Estado número.....de data...../...../....., para cubrir unha praza pertencente á escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase policía local, mediante o sistema de concurso-oposición regulado na disposición adicional segunda da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de policías locais de Galicia.

1º) SOLICITO, tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2º) DECLARO, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na correspondente convocatoria e que se compromete a prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 707/1979, de 5 de abril.

3º) ACHEGO orixinal ou copia compulsada dos seguintes documentos:

☐ Documento nacional de identidade ou pasaporte.

☐ Título de bacharelato, técnico superior de formación profesional ou equivalente, ou ben, diploma ou certificación acreditativa de ter superado algún dos cursos específicos, impartidos pola Academia Galega de Seguridade Pública, de dispensa deste grao de titulación.


☐ Permisos de conducir das clases A, B e BTP.

☐ Certificación acreditativa de ter unha antigüidade mínima de tres anos continuados de servizo como auxiliar, vixilante ou interino do Concello de Padrón e estar prestando servizos neses postos á entrada en vigor da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

☐ Declaración responsable de non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada, segundo o modelo que se insire nas bases como Anexo III.

☐ Declaración responsable de comprometerme a portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, segundo o modelo que se insire nas bases como Anexo IV.

☐ Certificación médica na que se fai constar que reúno as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que se especifican nas bases.



☐ Relación numerada dos méritos que alego para a súa valoración na fase de concurso e os documentos xustificativos dos mesmos, segundo o establecido na base 8.

Lugar, data e sinatura.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PADRÓN

ANEXO II. MODELO DE CERTIFICACIÓN DA ANTIGÜIDADE DE SERVIZOS PRESTADOS NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PADRÓN, PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE INTEGRACIÓN NESTE CORPO DAS PERSOAS VIXIANTES, AUXILIARES OU INTERINOS, PREVISTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA DA LEI 4/2007, DO 20 DE ABRIL, DE COORDINACIÓN DE POLICIAS LOCAIS DE GALICIA.

DONA/DON ....., SECRETARIA/O DO CONCELLO DE PADRÓN (A CORUÑA),

CERTIFICO: Primeiro, que dona/don....., con documento nacional de identidade número ....., prestou servizos no corpo da Policía Local do Concello de Padrón durante os períodos e coas categorías que se indican:

Tipo de relación [1]	Posto de traballo	Grupo profesional/categoría[2]	Escala/categoría[3]	Inicio	Finalización	Duración

Segundo, que á entrada en vigor da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia, dona/don ....., prestaba servizos no corpo da Policía Local de Padrón coa categoría de .....

E para que conste, expido a presente de orde e co visto e prace do señor Alcalde. Padrón, ... de ..... de .....

A secretaria

Visto e prace

O Alcalde

Asdo. .....

(1) **Laboral ou funcionarial.**

(2) **Para o persoal laboral.**

(3) **Para o persoal funcionario.**

ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE A BASE 4.3.e) DAS QUE REXEN O PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE INTEGRACIÓN NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE PADRÓN DAS OU DOS VIXIANTES, AUXILIARES OU INTERINOS QUE PRESTEN SERVIZOS NESTE CORPO, EN EXECUCIÓN DO PREVISTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA DA LEI 4/2007, DO 20 DE ABRIL, DE COORDINACIÓN DE POLICIAS LOCAIS DE GALICIA.

DONA/DON ....., con documento nacional de identidade número....., e enderezo en .....,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

CONCELLO DE PADRÓN
Rexistro Xeral de Entrada
02-06-2016
O/A secretario/a
Ana Mª Ares Alvarez

Non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para o acceso á escala de administración xeral do persoal funcionario.

Padrón, ... de ..... do 20....

A/O declarante,

Asdo. .....

ANEXO IV. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE A BASE 4.3.f) DAS QUE REXEN O PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE INTEGRACIÓN NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE PADRÓN DAS OU DOS VIXIANTES, AUXILIARES OU INTERINOS QUE PRESTEN SERVIZOS NESTE CORPO, EN EXECUCIÓN DO PREVISTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA DA LEI 4/2007, DO 20 DE ABRIL, DE COORDINACIÓN DE POLICIAS LOCAIS DE GALICIA.

DONA/DON ....., con documento nacional de identidade número....., e enderezo en .....,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que me comprometo a portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas.

Padrón, ... de ..... do 20....

A/O declarante


Asdo. .....

ANEXO V. TEMARIO.

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza.



Dereito de petición.

4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

7. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.

8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía para Galicia.

9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos.Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións Administrativas.

17. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Funcións da policía local.

18. Lei de coordinación das policias locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

19. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

21. A Lei de emerxencias de Galicia.

22. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Padrón

CONCELLO DE PADRÓN
Aprobado por XGC
02-06-2016
A/O secretaria/Aux.
Asdo. Ana Mª Arés Álvarez

constitucionais.

24. Delitos contra a Administración pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.

25. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

26. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.

27. O atestado policial na Lei de axuizamento criminal. Concepto e estrutura.

28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais nas que pode incorrer o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de *habeas corpus*.

29. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

32. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

34. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.